

## 27ª edición do Certame de Teatro Intercentros 2023

1 Destinatarios: Alumnos/as de CEIP, ESO, Bacharelato de Santiago, comarca.

2. Calendario:

Outubro-abril: preparación e ensaio das obras participantes.

4, 8, 9 ,10,11,12,15 e 16 de maio: representacións dos grupos de teatro participantes no **Teatro Principal (4, 8, 9 ,10,11 de maio)** e no **Centro Xove da Almaciga (12, 15 e 16 de maio)**.

3.- Centros, grupos e obras de teatro a interpretar:

Centros de secundaria	Data
Grupos de Teatro do IES Antón Fraguas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Antón Fraguas 1</li> <li>• 10:30</li> </ul>	4 de Maio
Grupos de Teatro do IES Antón Fraguas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Antón Fraguas 2</li> <li>• 12:30</li> </ul>	
Grupo de Teatro do IES de Brión <ul style="list-style-type: none"> <li>• IES de Brión 1</li> <li>• 12:00</li> </ul>	8 de maio
Grupo de Teatro do IES de Brión <ul style="list-style-type: none"> <li>• IES de Brión 2</li> <li>• 18:00</li> </ul>	
Grupo de Teatro do IES A. Xelmírez II. <ul style="list-style-type: none"> <li>• 12:00</li> </ul>	9 de maio
Grupo de Teatro do IES de Cacheiras. <ul style="list-style-type: none"> <li>• 17:50</li> </ul>	
Grupo de Danza Mandala. <ul style="list-style-type: none"> <li>• 12:00</li> </ul>	10 de maio
Grupo de Teatro do IES Rosalía <ul style="list-style-type: none"> <li>• 19.00</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupos de Teatro do IES Pontepedriña</li> <li>• 12:00</li> </ul>	11 de Maio
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupos de Teatro do IES A. Xelmírez I</li> <li>• 19:00</li> </ul>	

<b>Centros de primaria</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupo de Teatro do CEIP López Ferreiro</li> <li>• 10:30</li> </ul>	12 de maio
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupo de Teatro do CEIP Arquitecto Casas Novoa</li> <li>• 11:30</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupo de Teatro Colexio La Inmaculada</li> <li>• 12:30</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupo de Teatro Centro concertado de ensino Nosa Señora dos Remedios</li> <li>• 10:30</li> </ul>	15 de maio
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupo de Teatro do CEIP Raiña Fabiola</li> <li>• 11:30</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupo de Teatro CEE Aspanaes Duques de Lugo.</li> <li>• 12:30</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupos de Teatro Colexio San Jorge</li> <li>• Colexio San Jorge 1</li> <li>• 11:30</li> </ul>	16 de maio
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupo de Teatro Colexio San Jorge</li> <li>• Colexio San Jorge 2</li> <li>• 12:30</li> </ul>	

**Xoves 4 de maio:**

- IES Antón Fraguas  
Hora de presentación: 10:30 horas  
Título: AS MALETAS DOS CONTOS VIAXEIROS  
Xénero: fantástico  
Duración aproximada: 45'  
Sinopse: A Aula de Teatro do IES Antonio Fraguas presenta unha escolma de relatos dramatizados en pequenos sketches nos que se reflexiona sobre a estigmatización das persoas. O grupo, conformado principalmente por uns corenta alumnos/as de 1º de ESO, amosa como unidos podemos conseguir o que nos propoñamos. Por que abusamos do máis feble? Como temos a autoestima? Os/as anciáns pensan mal da xuventude? E, para que serve a escola?. Realmente preparáanos para a vida?. En resume, estas pequenas pezas, que nalgún caso interaccionan co público, farán que dende a nosa imaxinación, pero sobre todo co noso espírito de superación e empatía dos demais poidamos confrontar obstáculos que están tan presentes no noso día a día.
- IES Antón Fraguas.  
Hora de presentación: 12:30 horas  
Título: "GRETEL"  
Xénero: Comedia  
Duración aproximada: 75 minutos  
Sinopse: Todo o mundo sabe como remata o conto de Hansel e Gretel...  
Todo o mundo PENSA que sabe como remata o conto de Hansel e Gretel.  
Entre as verbas que percorren as páxinas da historia orixinal intúense pequenos buratos que agochan información que nunca foi contada. E aquí estamos nós para desenmarañar eses puntos escuros. A verdadeira historia a relatar... Isto é... GRETTEL.

**Luns 8 de Maio:**

- IES do Brión. TEATRO DAS MANIOTAS.  
Hora de representación: 12:00 horas.  
Título: "MEDEA(S) EN CAMARIÑAS"  
Xénero: comedia  
Duración: 50'  
Sinopse: Medea encóntrase a si mesma en Camariñas, onde vive o final das súas desdichas en compañía de mulleres que non a entenden e que lle temen. Nesta versión do Teatro das Maniotas, Medea desdóbrase e conversa consigo mesma e ás veces contra ela mesma, tentando deixar claros algúns conceptos que historicamente non a favoreceron. É unha Medea maior pero coa mesma forza, a mesma personalidade e a mesma beleza de sempre.
- IES do Brión. TEATRO DAS MANIOTAS.  
Hora de representación: 19:00 horas.  
Título: "LUCES, CÁMARA, **CAOS**"  
Xénero: musical  
Duración: 120'

Sinopse: Nesta canle de televisión todo son problemas e e buscan con desesperación unha idea brillante para poder continuar emitindo. Unha directora tola, un equipo de limpeza que só se dedica a criticar, un corpo de baile pouco disciplinado, uns presentadores con demasiado ego, e un salvador que non pode resucitar o que está máis que morto, contribúen a un problema que non parece ter solución. Haberá música, amor, desamor, enganar, presión e caos, moito caos, nesta comedia musical.

### **Martes 9 de Maio:**

- IES A. Xelmirez II  
Hora de representación: 12:00  
Título: AS LISÍSMACAS (Versión de Lisístrata de Aristófanes).  
Xénero: comedia  
Duración: 45'  
Sinopse: Ante a guerra entre Atenenses e Laconios as mulleres de ambos deciden realizar unha folga de sexo para conseguiren a paz con argumentos onde impera a razón, a paz e a liberdade
- IES de Cacheiras  
Hora de representación: 17:30  
Grupo de teatro: Aula de teatro do IES de Cacheiras.  
Título: AS MALETAS DOS CONTOS VIAXEIROS  
Xénero: Teatro contemporáneo.  
Duración: 70 minutos  
Sinopse: As maletas dos contos viaxeiros presenta, desde unha perspectiva dinámica, cómica e pedagóxica, diversas historias que invitan á reflexión sobre valores como a igualdade, a cultura da paz, o respecto ao medioambiente, a solidariedade, a integración... Trátase dun espectáculo que se vertebra sobre un concepto da educación como ferramenta imprescindible na realización plena do ser humano a través de valores como o diálogo, a tolerancia, a humildade, o respecto...  
Este traballo amosa, tamén, o valor da lectura como elemento esencial na formación de seres humanos libres e pon de manifesto a relevancia da empatía con aqueles que sofren. Sobre o escenario uns personaxes disparatados protagonizarán historias que nalgúns casos foron relatadas polas nosas avoas e que propiciarán que o público transite por unha ferverza de emocións. Arriba o pano!!!

### **Mércores 10 de Maio:**

- DANZA Mandala  
Hora de representación: 12:00 horas.  
Título: "DA MITOLOXÍA..."  
Xénero: Danza moderna  
Duración: 90 minutos  
Sinopse: Viaxe a través do mito de Ariadna as novas referentes femininas que se cuestionan o amor romántico, o poder e a liberdade.
- IES Rosalía  
Hora de representación: 19:00 horas.  
Grupo de teatro  
Título: UNHA MENSAXE Á HUMANIDADE

Xénero: drama

Duración: 60'

Sinopse: A maxia fúndese coa realidade para guiar a raza humana polo camiño da harmonía e a tolerancia. Dúas personaxes dispostas a transmitirnos unha mensaxe que nos fará viaxar pola ilusión dun mundo “absurdo” en liberdade. Atoparemos seres fantásticos que acompañarán a Hans e a súa familia na procura da chave que abra esa ilusión.

### **Xoves 11 de Maio:**

- IES Pontepedriña  
Hora de representación: 12:00 horas  
Grupo de teatro: Grupo de Teatro IES Pontepedriña  
Título: "24 POR SEGUNDO"  
Xénero: comedia  
Duración: 45 minutos  
Sinopse: Partindo do mítico xogo das películas sucede unha pequena homenaxe ao sétimo arte.
- IES A. Xelmírez 1  
Hora de representación: 19:00 horas  
Grupo de Teatro: Vai no dentista  
Título: SÓLO DE TRIÁNGULO EN RE MENOR, 2º MOVEMENTO. 3ª PARTE. ALLEGRO (PERO NON TANTO)  
Xénero: posdrama cómico.  
Duración: 60 minutos  
Sinopse: Esta obra é unha guía para os usuarios e as usuarias da vida en sociedade, dirixida a quen desexa disfrutar dunha xestión intelixente das súas relacións sociais, tanto as fáciles como as difíciles. Unha guía para pais e fillos, xefes e asalariados, usuarios do bus, o taxi, o tren ou o avión..., para quen, en definitiva, quere facer unha vida normal, unha vida que pode ser mellor se sigue este práctico manual de intelixencia social....

### **Venres 12 de Maio (Centro Xove da Almaciga):**

- CEIP López Ferreiro  
Hora de representación: 10.30  
Grupo de Teatro: Obradoiro de teatro do López Ferreiro  
Título: FAI UN TRATO CO GALEGO  
Xénero: ciencia ficción  
Duración: 20-25'  
Sinopse: Que pasaría se de repente desaparecera o galego? Acompáñanos a unha viaxe no tempo para descubri-lo con nós.
- CEIP Arquitecto Casas Novoa  
Hora de representación: 11.30  
Grupo de Teatro: grupo de teatro da Sionlla  
Título: ALICIA NO PAÍS DAS MARABILLAS  
Xénero: drama  
Duración: 25 min aprox.  
Sinopse: Alicia é unha nena que non lle gusta ler libros sen debuxos. Un día estando coa súa irmán, ve de súpeto un coello branco revisando o seu reloxo e exclamando que chega tarde. De onde ven o coello e por qué chega tarde? Movida pola súa curiosidade Alicia séguese e chega a un mundo cheo de maravillas onde terá aventuras que rozan do irracional.

- Colexio A Inmaculada  
Hora de representación: 12.30  
Grupo de Teatro: aula de teatro da Inmaculada  
Título: XOGAMOS OU NON?  
Xénero: comedia pedagóxica  
Duración: Entre 20 e 25 minutos..  
Sinopse: Un grupo de nenos e nenas. Observaremos as súas dinámicas e que as veces non só é xogar, se non escoitarse, aprender, ceder, pedir, perseverar e, por suposto, divertirse.

### **Martes 15 de Maio:**

- Centro concertado Nosa Señora dos Remedios  
Hora de representación: 10.30  
Grupo de Teatro: aula de teatro das Orfas  
Título: COMPARTINDO É MÁIS DOADO IR SORRINDO  
Xénero: drama pedagóxico  
Duración: 10 min  
Sinopse: Unha nena un chisco egoísta que se dá conta que é mellor compartir.
- CEIP Raiña Fabiola  
Hora de representación: 11.30  
Grupo de Teatro: Aula de teatro do **CEIP Raiña Fabiola**  
Título: A GATA CON BOTAS  
Xénero: teatro clásico  
Duración: 20-25 min  
Sinopse: Unha revisión algo tola do clásico conto O gato con botas. Pero neste conto, protagonizado por unha "gata", seguir o guión non é o máis importante.
- CEE Aspanaes Duques de Lugo  
Hora de representación: 12.30  
Grupo de Teatro: As Lupas Pictográficas  
Título: "INVISIBLE" de Eloy Moreno  
Xénero: drama  
Duración: 20 minutos  
Sinopse: adaptación do conto "invisible" de Eloy Moreno, no que se trata como tema principal o "bulling" e a importancia do traballo en equipo para facer fronte a este tipo de situacións, manifestando empatía, xenerosidade, valentía, compañeirismo e tolerancia... como valores positivos fronte a intolerancia, cobardía, abuso e todo tipo de violencia.

### **Luns 16 de Maio:**

- Colexio San Jorge  
Hora de representación: 11.30  
Grupo de Teatro: San Jorge, 5º de EP  
Título: ATERRORICHANZAS  
Xénero: comedia  
Duración: Entre 20 e 25 minutos.  
Sinopse: Un ventrílocuo e o seu boneco, unhas químicas e a inconsciencia das súas amigas e unhas asasinas tratando de facer ben o seu traballo, poden ser momentos terroríficos ou auténticas chanzas.

- Colexio San Jorge  
Hora de representación: 12.30  
Grupo de Teatro: San Jorge, 6º de EP  
Título: FUTURIBLE  
Xénero: fantástico  
Duración: Entre 25 e 30 minutos.  
Sinopse: Dúas meniñas e dous meniños atoparanse no mesmo internado, onde serán os primeiros en chegar. O estrano será pola noite. Cando os catro comezan a soñar exactamente o mesmo.
- 5 . Número estimado de participantes (actores/actrices):150  
Público asistente estimado: 1.650